

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE
FEBREIRO DE 2017**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de febreiro de dous mil dezasete, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez –incorpórase á sesión no punto 2 da orde do día- , D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste, por causa xustificada, Dna. M^a José Vega Buján (Grupo do BNG).

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO
14 DE FEBREIRO DE 2017.**

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 14 de febreiro de 2017.

PARTE RESOLUTIVA

**2. PROPOSTA, INSTADA POLA ASOCIACIÓN AMARCAN, DE
ELABORAR UNHA NORMATIVA DE PROTECCIÓN E BENESTAR
ANIMAL QUE SE AXUSTE Á REALIDADE ACTUAL.**

(No debate deste asunto, conxunto co do punto 6, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Non houbo pronunciamento formal sobre esta proposta na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Vista a documentación presentada e tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto co punto 6 da orde do día, acórdase o seguinte:

“A Asociación Amarcán presenta unha instancia cun texto adxunto. Tendo en conta o que solicita na instancia e no texto,

O Pleno, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

- Elaborar unha normativa de protección animal que se axuste á realidade actual.
- Ampliar e mellorar a normativa municipal vixente no tema de protección e benestar animal, obsoleta a todas luces, e poñer as medidas necesarias para que a lei se cumpra.”

No debate conxunto deste asunto e do que figura no punto 6 da orde do día, producíronse as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde dálle a palabra, por tempo de seis minutos, a Dna. Lorena González Blanco, voceira da Asociación AMARCAN, que instou este acordo, segundo o previsto no art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello.

Dita representante da Asociación AMARCAN procede a ler o texto que xa leu na sesión anterior, do 14/02/2017, cuxo contido figura na acta desa sesión de forma resumida como intervención na mesma. É o texto que nesta ocasión se achegou coa instancia presentada e ten o seguinte contido:

“Soy Lorena González Blanco, presidenta y portavoz de AMARCAN, y estoy aquí sobre todo para solicitar que este ayuntamiento ponga todas las medidas necesarias para solucionar realmente el problema de los animales abandonados y maltratados.

La Ley de Protección de animales domésticos y salvajes en cautividad recoge todas las disposiciones existentes sobre el tema, dicha ley dice textualmente que:

"todas las Administraciones Públicas del territorio de Galicia habrán de cooperar en el desarrollo de medidas de defensa y protección y en la denuncia ante los órganos competentes de cualquier actuación contraria a lo dispuesto en esta ley", y especifica concretamente que "compete al alcalde la responsabilidad superior en la defensa y protección de los animales en el ámbito de cada municipio".

Como asociación tenemos la obligación de defender y proteger a los animales en el medio en el que viven así como denunciar los hechos que consideremos infracción y que estén recogidos en la ley.